

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MESÓN DO VENTO

CURSO: 4º EP

MATERIA: SOCIAIS

DEPARTAMENTO:

DATA: 08-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa.	Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios.
Diferenciar correctamente entre planos, mapas, planisferios, mapas físicos e políticos, analizar e describir as características máis relevantes de cada un e interpretar signos convencionais básicos de cara a orientarse nun espazo determinado e á elaboración dun itinerario empregando as TIC.	Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer neles.
Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes dun río do medio próximo.	Define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas. Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles.
Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación será continua, formativa e global, tendo en conta sobre todo os resultados dos dous primeiros trimestres.</p> <p>Todas as actividades , traballos feitos nos cadernos e os presentados para a súa valoración terán carácter diagnóstico sempre para beneficiar ao alumnado.</p>
	<p>Instrumentos: Proposta de actividades na páx. web. Consulta de dúbidas por teléfono, correo electrónico,... Envío de traballos específicos para valorar con carácter de diagnóstico as súas aprendizaxes.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Mirar todas as anotacións correspondentes aos dous primeiros trimestres e valorar o traballo feito neste terceiro trimestre sempre en beneficio dos nenos/as, intentando mellorar as súas notas.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Petición de traballos específicos da parte da materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades van enfocadas cara á:</p> <p>Interpretación dos signos convencionais dun mapa.</p> <p>As marcas de orientación.</p> <p>Tipos de mapas: históricos, físicos, políticos, económicos...</p> <p>Facer mapas físicos e políticos de Galicia.</p> <p>Mapa das comunidades autónomas.</p> <p>Tramos dun río.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Utilizar o libro de texto, para a busca de información.</p> <p>Usar o dicionario e outros recursos tecnolóxicos.</p> <p>Utilizar internet para estudar mapas.</p>
Materiais e recursos	<p>Mapas</p> <p>Globos terráqueos</p> <p>Internet</p>